

Recursos nº 29/2019 e 31/2019 (acumulados)**Resolución nº 37/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 11 de febreiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por Dona A.G.M. actuando en nome e representación do SINDICATO NACIONAL DE GALICIA COMISIÓNS OBREIRAS, recurso 29/2019 e o interposto por D. J.M.H.A. en nome e representación da ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO, recurso 31/2019, contra os pregos da licitación do servizo de axuda a domicilio (SAD1) no Concello de Coruña, período 2019-2020, expediente 105/2017/2274, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello da Coruña convocouse a licitación do contrato do servizo de axuda no fogar, cun valor estimado declarado de 6.769.230,78 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 10.01.2019 e no DOUE o día 11.01.2019.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en adelante).

Terceiro.- Ambos recursos impugnan os pregos da licitación de referencia.

Cuarto.- O día 23.01.2019 o SINDICATO NACIONAL DE GALICIA COMISIONS OBREIRAS (CCOO en diante) interpuxo recurso especial en materia de contratación no rexistro electrónico do Ministerio de Facenda e Función Pública, con entrada neste Tribunal o día 29.01.2019.

E o día 25.01.2019 o interpuxo a ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO (ASADE en diante), ante o propio órgano de contratación, con entrada neste Tribunal o día 30.01.2019 xunto co expediente e o informe do propio órgano.

Ao abeiro do artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procede a resolución conxunta de ambos recursos.

Quinto.- Con data 29.01.2019 reclamouse ao Concello da Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 LCSP referente ao recurso 29/2019. A documentación foi recibida neste Tribunal o día 04.02.2019. No tocante ao recurso 31/2019, como vimos, o informe e expediente foi trasladado xunto coa remisión do recurso especial polo Concello, como correspondía. O Concelle informa da ausencia de licitadores, nese intre.

Sexto.- Este Tribunal, en sesión do 01.02.2019, acordou suspender o procedemento de licitación, en base á petición exercitada no recurso 31/2019.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recurso 31/2019 preséntase en nome dunha asociación de empresarios do ámbito sectorial que se corresponde co obxecto contractual e diríxese contra os pregos da licitación, polo que ostenta a debida lexitimación en base ao previsto no artigo 48 da LCSP.

No que se refire ao recurso 29/2018 presentado por CCOO, debemos precisar que o citado artigo outorga unha lexitimación con perfís propios cando se trata das organizacións sindicais. Así o artigo 48 sinala:

“Estarán tamén lexitimadas para interpor este recurso contra os actos susceptibles de seren impugnados as organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación”

Polo tanto, a LCSP vincula expresamente a existencia de lexitimación a que “se poida deducir fundadamente” que os concretos actos obxecto de impugnación impliquen un incumprimento das obrigacións sociais ou laborais na fase de execución contractual, cuestión que deberá resultar do texto do recurso.

Neste caso, o sindicato impugna os pregos da licitación referíndose en primeiro lugar ao orzamento previsto, con base no incorrecto cálculo dos custos salariais, o que xa determina que proceda outorgarlle a debida lexitimación a ese respecto, posto que dese concreto motivo impugnatorio alegado no recurso se deduce fundadamente unha posible incidencia nas obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores.

En segundo lugar, impugna uns determinados criterios de adxudicación aos que nos referiremos ao longo desta Resolución, analizando o que proceda en cada caso sobre a súa lexitimación con base no artigo 48 referido.

Cuarto.- Dadas as datas indicadas, ambos recursos foron interpostos dentro do prazo legal.

Quinto.- Impugnándose os pregos dunha licitación dun contrato de servizos cun valor estimado superior a 100.000 euros, o recurso é admisible neses aspectos.

Sexto.- No recurso 31/2018 ASADE impugna o orzamento e valor estimado da licitación por dous motivos: porque non se tiveron en conta os conceptos e custos

laborais e porque nos pregos da licitación non se detalla a desagregación dos diferentes conceptos do orzamento tal e como esixe o artigo 100 da LCSP.

Pola súa parte, CCOO no recurso 29/2018 tamén impugna o orzamento da licitación por diversos erros no seu cálculo dos custos salariais e, ademais, varios criterios de adxudicación polos motivos que analizaremos posteriormente.

Sétimo.- O órgano de contratación oponse a ambos recurso cos argumentos que iremos sinalando ao longo desta Resolución.

Oitavo.- Referirémonos en primeiro lugar ás impugnacións referentes ao orzamento da licitación.

Polo que se refire ao incumprimento do artigo 100.2 da LCSP pola falta de desagregación no PCAP dos custos da licitación alegado tanto por ASADE como por CCOO, o órgano de contratación sinala que no informe de inicio de expediente e no PCAP indícanse separadamente os custos salariais e que a súa desagregación por categorías consta na memoria económica existente no expediente, polo que se dá cumprimento ao esixido pola LCSP.

Comprobado o Cadro de características do contrato, resulta que no mesmo se diferencia entre custos directos e indirectos e, dentro dos primeiros, especificanse os custos salariais e de Seguridade Social, de xeito global. Igualmente existe no expediente remitido a este Tribunal un documento denominado memoria económica no que consta análise detallado do orzamento da licitación e o mesmo aparece desagregado en diferentes categorías. Dito documento non está publicado na Plataforma de contratación, onde si aparece unha memoria xustificativa da licitación.

O artigo 100.2 da LCSP sinala ao respecto:

“2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase e no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación indicaranse os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.”

Na nosa anterior Resolución 14/2019 xa indicábamos que este deber de desagregar nos pregos da licitación o orzamento da mesma é unha esixencia específica recollida no artigo 100 da LCSP e, como tal, debe ser cumprida. Así o sinala, por exemplo, o Tribunal Central de Recursos Contractuais (TACRC) na súa Resolución 632/2018:

“es evidente que se produce una mayor vinculación de la contratación pública a la normativa laboral. Vinculación que cobra un mayor protagonismo cuando se trate de contratos, como los de servicios, donde los costes de personal pueden suponer la partida principal del gasto en el presupuesto base de licitación. Tal intensidad tiene su reflejo en la obligación de indicar los costes salariales estimados a partir de la normativa laboral de referencia en los Pliegos (artículo 100.2 LCSP), su consideración expresa en el cálculo del valor estimado del contrato (artículo 101.2 LCSP), y para la fijación del precio (artículo 102.3 LCSP). Pero también a la hora de imponer el rechazo de las ofertas anormalmente bajas que no cumplan con la normativa laboral, incluyendo lo dispuesto en los convenios colectivos de carácter sectorial, así como la obligación a los órganos de contratación de velar por su cumplimiento de las condiciones salariales una vez adjudicado el contrato, y erigiéndose su infracción en causa de imposición de penalidades.(...)”

El incumplimiento del artículo 100.2 de la LCSP supone la omisión de unos datos cuyo conocimiento es trascendental para la adjudicación y ejecución del contrato, pues sirve para justificar un correcto cálculo del valor estimado, y garantizar que la fijación del precio es ajustada a Derecho.”

En sentido similar pronúnciase o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía na súa Resolución 271/2018.

Este TACGal xa expresou que a obriga fixada polo artigo 100 da LCSP é clara e expresa, e ten unha incidencia fundamental na configuración das ofertas polos licitadores e, en consecuencia, nos principios reitores da contratación pública (así o sinalamos igualmente na Resolución 10/2019).

En consecuencia, non podemos acoller o argumento do órgano de contratación de entender como cumprido o mandato legal. É certo que, como xa sinalamos, consta no expediente unha memoria económica onde se analizan polo miúdo os distintos compoñentes do orzamento de licitación e os cálculos realizados para alcanzar ese importe, pero o feito de que esa memoria económica non teña sido obxecto da mesma publicidade que os pregos da licitación impide entender a actuación como válida a estes efectos.

Reiteramos que a obriga expresada no artigo 100.2 da LCSP está en consonancia coa relevancia outorgada pola propia lei ao cumprimento das condicións laborais e concretamente salariais, e esa obriga ten unha dobre finalidade. Por un lado, que o órgano determine correctamente o orzamento da licitación, de acordo cos prezos de mercado e con especial relevancia aos custes salariais. Pero por outro, que non se pode ignorar en consonancia co principio de transparencia promulgado no propio artigo 1 da LCSP, a que se refire á incorporación dese cálculo desagregado no prego de cláusulas administrativas, como garantía necesaria de que ese orzamento se axusta ao esixido legalmente - “a tal efecto”, na expresión utilizada polo artigo 100.2-.

En consecuencia, a falta de posta a disposición desa información aos licitadores dificulta a configuración da súa oferta e o seu dereito á impugnación do que poidan entender como incorrecto na estimación do orzamento, con especial relevancia en supostos coma o presente en que os custos salariais son especialmente significativos pois supoñen unha parte moi cualificada dos gastos previstos.

Exemplo do sinalado é o recurso presentado por ASADE, xa que os cálculos da recorrente non puideron ser confrontados con anterioridade á súa impugnación cos propios do órgano de contratación que determinaron o orzamento contractual, pola ausencia dos mesmos nos documentos públicos da licitación.

Todo o cal determina que este Tribunal deba estimar neste aspecto os recursos presentados.

Polo que se refire á impugnación dos recorrentes do concreto orzamento da licitación, xa anticipamos que nos recursos non constan argumentos xustificativos que permitan quebrar coa discrecionalidade técnica que neste ámbito corresponde ao órgano de contratación.

Así, ambas impugnacións, ben sexa pola deficiente información facilitada polo órgano de contratación, ou ben pola súa falta de dilixencia na conformación dos seus recursos, carecen de cálculos debidamente fundamentados para poder aprecialos como correctos.

Os recorrentes non determinan a orixe das súas estimacións nin as operacións que lles permitiron alcanzar os importes expresados nos recursos, de tal xeito que este Tribunal e o propio órgano de contratación nas súas alegacións poidan confrontalos cos recollidos na licitación.

Esta falta de concreción é especialmente significativa no recurso presentado por CCOO no que se sinalan diversos importes sen unha mínima xustificación, e se acompaña unha táboa salarial que denomina “*obligatoria*” da que se descoñece a súa orixe. Igualmente critica diversos aspectos dos cálculos efectuados polo órgano de contratación sen mostrar nin proba das afirmacións expresadas no recurso, nin detalle das súas estimacións diferentes ás do Concello.

Este Tribunal xa manifestou en diversos ocasións que corresponde ao recorrente a carga da súa impugnación, debendo incorporar nesta fase de recurso os argumentos necesarios en defensa da súa postura (por todas, Resolución TACGal 26/2018). E nun caso coma o presente, no que se pretende a revogación por incorrecto do orzamento dunha licitación, eses argumentos e cálculos alternativos aos establecidos polo órgano de contratación deben constar no recurso presentado co suficiente detalle para permitir a este Tribunal a súa análise comparativa co orzamento impugnado, especificando con claridade os concretos defectos que motivan o recurso.

Noveno.- Como sinalamos anteriormente, CCOO no recurso 29/2019 impugna igualmente diversos criterios de adxudicación aos que nos referiremos de xeito individual.

A.- O primeiro dos mesmos é o seguinte:

“Compromiso de valoración de riesgos laborales en todos los domicilios de los nuevos servicios y en, al menos, el 25% de los ya activos en cada año del contrato. Hasta un máximo de 3 puntos. Se puntuará con 0 puntos la falta de este compromiso y con 3 puntos la consignación de este compromiso.”

O recorrente argumenta que “*este punto contraviene la Ley de Prevención de Riesgos Laborales*” que obliga a evaluar el 100% de los domicilios para así asegurar la protección de la salud”.

Ao respecto deste concreto motivo de impugnación, apreciamos a debida lexitimación no recorrente para a impugnación do mesmo dado que do argumento impugnatorio resulta unha clara incidencia para os traballadores na execución contractual.

Agora ben, hai que comenzar sinalando que unha denuncia correctamente formulada dunha infracción legal debe referirse ao precepto ou preceptos concretos

que se entenden vulnerados, sen referencias xenéricas a disposicións legais que pola súa concreción, dificilmente permiten unha valoración por ese Tribunal.

Así, non se aprecia cal pode ser a concreta vulneración legal a que se refire o recurso e debemos dar a razón ao órgano de contratación ao sinalar no seu informe que:

“este compromiso no afecta al cumplimiento de la normativa legal o convencional aplicable, ya que no se refiere a la intensidad de los mismos, sino que indica únicamente una frecuencia o periodicidad mínima para la valoración de los riesgos laborales en los domicilios en los que se desarrollan los servicios”.

B.- O segundo dos criterios impugnados é:

“Número de horas de atención por auxiliar que exceda del mínimo previsto reglamentariamente y en el pliego de prescripciones técnicas por cada 100 personas usuarias/mes (hasta un máximo de 50 horas/100 personas usuarias/mes), sin coste para el Ayuntamiento ni para la persona usuaria: hasta 1 punto. La proposición que oferte el mayor número de horas será puntuada con 1 punto, y las restantes en la respectiva proporción de puntuación en función del número de horas ofertado.”

Sinala o recorrente *“que se está fomentando el no abono al personal que realiza los servicios de las horas de prestación”.*

O órgano de contratación sinala ao respecto que:

“debe aclararse de forma contundente que la gratuidad que implica este compromiso por la realización sin coste para el Ayuntamiento de A Coruña ni para la persona usuaria, únicamente afecta a la facturación a los mismos de estos servicios por parte de la empresa que resulte adjudicataria y, en ningún caso, implica ni afecta, a la percepción por las personas trabajadoras contratadas por la misma de sus salarios y retribuciones laborales”

Así parece deducirse con claridade do expresado nesa cláusula, sen que unha interpretación lóxica do prego poida levar a conclusións contrarias á legalidade, polo que dado o concreto fundamento da impugnación e o marco de lexitimación do sindicato recorrente, non procede maior análise ao respecto debendo desestimarse este motivo de recurso.

C.- O terceiro criterio é o seguinte:

“Compromiso de que en caso de que se produzan vacantes o novas necesidades de contratación de personal se dará preferencia al personal ya asignado al contrato que no tenga jornada completa. Se puntuará con 0 puntos la falta de este compromiso y con 5 puntos la consignación de este compromiso.”

O recorrente alega que este punto *“contraviene lo establecido en el Estatuto de los Trabajadores que obliga a las empresas a informar al 100% de la plantilla sobre las vacantes, tanta para facilitar las ampliaciones de jornada como para facilitar la movilidad dentro del servicio. Teniendo en cuenta que el SAD se divide entre personal de semana y de fines de semana el no cumplimiento de la obligación o la preferencia de los contratos a tiempo parcial sobre los contratos a jornada completa o viceversa supone una discriminación laboral”*.

O órgano de contratación oponse a esa argumentación sinalando que:

“Por lo tanto, este compromiso no está infringiendo esta normativa laboral, dado que la misma establece unicamente una obligación de información previa, cuando por el contrario y con la misma finalidad a la que se refiere esta norma legal laboral, este compromiso respetando lo anterior, favorece la mejora y ampliación de la duración de la jornada parcial en este tipo de contratos, mediante una preferencia en la selección o consideración por parte del empresario”.

Visto o contido do criterio e a fundamentación da impugnación é incuestionable a lexitimación do sindicato neste suposto.

O precepto ao que se refire o recorrente é o artigo 12.4 e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015 que establece:

“A fin de posibilitar la movilidad voluntaria en el trabajo a tiempo parcial, el empresario deberá informar a los trabajadores de la empresa sobre la existencia de puestos de trabajo vacantes, de manera que aquellos puedan formular solicitudes de conversión voluntaria de un trabajo a tiempo completo en un trabajo a tiempo parcial y viceversa, o para el incremento del tiempo de trabajo de los trabajadores a tiempo parcial, todo ello de conformidad con los procedimientos que se establezcan en convenio colectivo.”

Con carácter general, las solicitudes a que se refiere el párrafo anterior deberán ser tomadas en consideración, en la medida de lo posible, por el empresario. La denegación de la solicitud deberá ser notificada por el empresario al trabajador por escrito y de manera motivada”.

O primeiro que debemos sinalar é que, ao contrario do que semella deducirse do informe do órgano de contratación, a esixencia de información regulada neste artigo non é unha cuestión meramente formal, senón que a mesma goza dunha sustantividade propia que resulta da propia lectura do artigo, que anuda a ese deber de información unha finalidade clara, como é que os traballadores da empresa poidan “*formular solicitudes de conversión voluntaria de un trabajo a tiempo completo en un trabajo a tiempo parcial y viceversa*”, solicitudes que “*deberán ser tomadas en consideración*”.

Este Tribunal recoñece necesariamente a posibilidade dos órganos de contratación de establecer nos pregos condicións de carácter social ou laboral, sempre que lxicamente as mesmas se axusten ao marco previsto legalmente. E por iso adquire especial relevancia o modo de configurar ese lexítimo obxectivo nas condicións da contratación, en relación coa incidencia dos diversos bens xurídicos a protexer nunha licitación pública.

Como expresamos na Resolución TACGal 76/2018:

“...unha reflexión de que este compoñente social merece ser incluído na contratación pública, senón que é moi importante tamén o estudo de como se vai configurar ese lexítimo obxectivo nas condicións desa contratación, pois existen diversos bens xurídicos en xogo a protexer.”

Neste caso concreto, debemos sinalar que os argumentos traídos a este debate polo recorrente teñen suficiente fundamento, sen que sexan desvirtuados pola mera alegación xenérica do órgano de contratación.

Así, é certo que nos atopamos ante un servizo, o de axuda a domicilio, cunhas características moi específicas no que se refire ás xornadas laborais, con persoal que, como sinala o recorrente, está suxeito a horarios diversos e consecuentemente, en determinados casos máis gravosos. Polo que, nese sentido e como defende o sindicato recorrente, unha cláusula como a impugnada potencialmente prexudica aos traballadores que, se ben teñan contratos a xornada completa, teñan a lexítima

aspiración de mellorar a súa situación laboral optando a mellores horarios. E nada ao respecto se nos traslada polo órgano de contratación.

Procede reiterar que o artigo 12.4 e) antes citado fai expresa referencia ao dereito de todos os traballadores a *“formular solicitudes de conversión voluntaria de un traballo a tempo completo en un traballo a tempo parcial y viceversa”*.

Salientamos que a cláusula impugnada fai expresa referencia ás *“vacantes”*, non por exemplo á asignación de horas, o que necesariamente nos sitúa na problemática aquí citada, cando para a consecución da finalidade de favorecer *“la mejora y ampliación de la duración de la jornada parcial”* dos traballadores existirían outros posibles camiños alleos a esta controversia. O mesmo resulta de observar que a simple existencia de vacantes, de xeito xenérico, non ten por que significar necesariamente que todas elas supoñan un aumento de xornada para as persoas contratadas a tempo parcial (por exemplo, o texto recollido permite que sexa incluso unha vacante para un posto a tempo parcial), que é a finalidade expresamente mencionada polo Concello.

Polo que procede, en consecuencia, estimar este motivo de impugnación.

D.- O último criterio impugnado establece:

“Compromiso de aplicar durante toda la vigencia del contrato a los/as trabajadores/as adscritos a la ejecución del mismo el II Convenio colectivo para la actividad de ayuda a domicilio en la Comunidad Autónoma en Galicia o aquel que le substituya o, en su caso, mejore. Se puntuará con 0 puntos la falta de este compromiso y con 5 puntos la consignación de este compromiso”

O sindicato alega simplemente que *“este punto contraviene la normativa laboral en vigor ya que el cumplimiento del convenio colectivo en vigor es una obligación no puntuable”*.

Comprobamos polo tanto que o recorrente nesta impugnación non fundamenta unha posible incidencia nas obrigas laborais respecto aos traballadores, senón que unicamente critica a puntuación deste criterio. É dicir, atopámonos ante unha impugnación referente exclusivamente á propia configuración da fase de licitación e, como tal, allea á fase de execución onde reside a lexitimación do sindicato impugnante, o que impide a este Tribunal proceder á súa análise, debendo inadmitir este concreto motivo de recurso.

Décimo.- Por último, CCOO impugna que os criterios aos que nos referimos con anterioridade son “*una obligación implícita de las empresas que se presentan al concurso*”, por lo que considera que “*no se cumple la proporción 51% contra 49% del Anexo IV de la LCSP*”.

Novamente antes de analizar este motivo de recurso debemos referirnos á lexitimación do recorrente cara a esta impugnación.

Ante un suposto equivalente nos pronunciamos na nosa Resolución 30/2019 na que sinalamos que:

“as alegacións do sindicato recorrente son exclusivamente a vulneración do artigo 145.4 LCSP porque os criterios relacionados coa calidade non representan, alomenos, o 51 % da puntuación. Nese sentido, a configuración abstracta dos criterios de adxudicación, incluído o peso porcentual dos mesmos, non se achega a poder incluílo na referencia legal do artigo 48 LCSP dunha ligazón a que “no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participan na realización da prestación”, e, dende logo, neste caso o recurso non aporta alegacións para entendelo así.

Este Tribunal considera entón que o sindicato recorrente, para o presente recurso, carece de lexitimación activa o que determina, sen prexulgar ningún outro aspecto desta acción impugnatoria, declarar a inadmisión deste recurso especial con base no establecido no artigo 55.b) LCSP.”

Polo que procede en consecuencia a inadmisión deste motivo do recurso, polos fundamentos expostos.

Décimo primeiro.- En conclusión, procede estimar parcialmente os recursos 29/2019 interposto por CCOO e 31/2019 interposto por ASADE, anulando a cláusula 4, correspondente ao orzamento da licitación, e o criterio de adxudicación previsto na 10.1.B.6, do Cadro de características do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares, ordenando a retroacción do procedemento de contratación ao momento anterior á súa aprobación de conformidade co previsto no artigo 57.2 da LCSP.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Estimar parcialmente** os recursos 29/2019 e 31/2019 interpostos por SINDICATO NACIONAL DE GALICIA CCOO e a ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO contra os pregos da licitación do servizo de axuda a domicilio (SAD1) no Concello de Coruña, con efectos recollidos nesta Resolución.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.